



CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 26 de outubro do 2019
Convocatoria: Extraordinaria	Hora: 10.00
	Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 13/2019.-
- 2º.- Aprobación do proxecto modificado da obra incluída no Plan Adicional 1-1ª Fase do POS+2019: Remodelación do parque infantil da urbanización das Brañas, Sada.-
- 3º.- Corrección erros do proxecto incluído no POS+2019 Adicional 1/2019 2ª fase: Instalación colector pluviais Avda. Sada Contornos, camiño Cemiterio ata Avda. do Porto.-
- 4º.- Modificación ordenanza fiscal do IBI. Establecemento da bonificación prevista no artigo 74.2 do TRLFL.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario acctal., Juan Esteban Méndez Leiva.-



NÚMERO 13/19

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e seis de setembro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os/as sres./sras. concelleiros/as D^a. María Pilar Taibo Fernández, D. Xosé Fernando Fariña Andrade, D^a. Rebeca Mouriño Neira, D. Francisco Xosé Montouto Pérez, D^a. Ana Paola Mondaca González, D^a. María Soraya Salorio Porral, D^a. María José García Freire, D^a. María Carmen Pose Varela, D. José Luis Tellado Villares, D. Manuel López Losada, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. María Pardo Fafián, D^a. Isabel Reimúndez Suárez, D^a. Laura Rodríguez Pena, D^a. María Nogareda Marzoa e D. Breogán Blanco González, asistidos polo Secretario Accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da acta da sesión anterior, núm. 12/2019.-

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, núm. 12/2019, do 29 de agosto de 2019.-

2º.- Modificación crédito 30/19. Crédito extraordinario 04/19.-

A sra. Taibo Fernández comeza sinalando que, dado que non foi aprobado orzamento en 2019, ríxise pola prórroga do de 2018, polo que é preciso, para o financiamento de diversos programas e investimentos previstos para o presente exercicio, adaptar o documento á realidade que teñen, permitindo financiar gastos específicos, tratándose de gastos non susceptibles de demora en exercicios posteriores, como incrementar na área de Servizos Sociais o crédito destinado a emerxencia social, con 20.000 euros, para atender a situacións de necesidade e para gastos de vivenda, asistencia sanitaria, alimentación, etc., non cubertas polos diferentes sistemas de protección; ou no servizo de atención á dependencia, no que as novas altas provocan que a previsión dos 470.000.- euros iniciais sexan insuficientes, polo que se propón a suba de 40.000.- euros; no ámbito educativo hai unha variación do parque infantil do CEIP Pedro Barrié de la Maza que implica a necesidade de ampliar o crédito por importe de 10.000.- euros; ou as actividades deportivas na programación anual e os compromisos con diversas asociacións que implican gasto por importe de 20.500.- euros, que cubrirían tamén as pequenas reparacións das instalacións deportivas; os prazos concedidos polas diferentes Administracións para os proxectos por elas subvencionadas implican axilizar a execución dos mesmos, sendo preciso habilitar crédito por importe de 40.879.- euros para a obra de acondicionamento e instalación de rúas de Fontán e a renovación de servizos no Tarabelo, dentro do POS+2019; así como a subvención para as obras de melloras dos camiños municipais (AGADER) e a achega para a rede cultural da Deputación Provincial da Coruña requiren de 28.400 e 22.243.- euros, respectivamente; e pola normativa de pagamento a provedores é necesario dotar de crédito ás distintas partidas por importe de 100.677.- euros para varias actuacións para as que se xerou gasto e non había existencia de crédito, como consecuencia da prórroga do orzamento; polo que se trae a Pleno a modificación de crédito para incorporar o remanente de tesoureiría os fondos precisos para os gastos executados e afrontar o pagamento das facturas xa xiradas.-

A sra. Bolaño Fariñas dá lectura ao informe de Intervención sobre a utilización de remanente de tesoureiría para asumir o gasto non financeiro con ingreso non financeiro, polo que se pon en risco o cumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto no presente exercicio. Salienta as advertencias que fai o Interventor Municipal, porque xa van varios modificativos de crédito, provocado pola prórroga orzamentaria, dado que nin siquiera trouxo un proxecto de orzamento a Pleno para aprobar por esta Corporación ou pola anterior. Tráense obrigas de 330.000.- euros de obrigas de exercicios pechados, e inclúense gastos aprazables con outros que son inaprazables, como o gasto da sardiñada (13.000.- euros). Existe unha base no orzamento que esixe que para un gasto superior aos 2.000 euros haxa tres orzamentos, o que supuxo unha denuncia dun anterior Concelleiro á sra. Pardo Fafián. Considera que hai gastos que son inaprazables pero, xunto a gastos sociais e educativos, veñen outros que podían ser perfectamente estruturados, calculados e procedimentados, o que suporía transparencia municipal. Conclúe indicando que levan dende 2018 solicitando un proxecto de orzamento.-

A sra. Pose Varela salienta que van trinta modificacións de crédito, porque precisan repoñer saldo en contas que non teñen importe para afrontar gasto, por non ter o orzamento aprobado e si prorrogado, e por incorrer en máis gasto do previsto, tratándose dun novo crédito extraordinario, é dicir, maior gasto do presupostado, que supón pouco máis de 280.000.- euros, dos que 170.000.- euros son gasto corrente, o que pon en risco a regra de gasto, como indica o informe de Intervención. Considera que non é unha forma correcta de administrar, xa sexa un concello, xa sexa unha empresa ou xa sexa unha economía familiar. Considera que o orzamento é o mesmo, o



gasto o mesmo, pero o diferente é a xestión, e conclúe que por corresponsabilidade cos acredores se van abster, pero espera que esta práctica, habitual no Goberno Municipal, deixe de selo.-

Debatido o asunto, adóptase por dez votos a favor (6 SM, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 7 abstencións (5 PP e 2 PSOE) o seguinte acordo:

1.- Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos 30/2019, de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións que se detallan a continuación por un importe global de 280.807,07 €:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
135.21400	SEM. Mantemento vehículos	329,59
135.22199	SEM. Outras subministracións	277,91
135.22401	SEM. Seguros	2.118,05
160.62300	Saneamento. Maquinaria	4.848,47
161.60900	Abastecemento. Infraestruturas	20.000,00
165.21000	Alumeado público. Mantemento infraestrutura	10.717,54
165.22706	Alumeado público. Estudos técnicos	1.628,06
165.60900	Alumeado público. Investimento e infraestrutura	7.130,53
338.22626	Festas	35.995,66
341.22609	Deportes. Actividades	18.736,84
342.21200	Instalacións deportivas. Mantemento edificios	1.043,21
342.22199	Instalacións deportivas. Outras subministracións	275,88
342.22700	Instalacións deportivas. Limpeza	423,50
342.61900	Instalacións deportivas. Outros infraestruturas	12.746,08
342.62300	Instalacións deportivas. Maquinaria	4.482,45
432.21200	Turismo. Conservación edificios	3.152,05
453.61900	Camiños. Reparación infraestrutura	28.409,76
1532.21000	Vías urbanas. Mantemento	5.851,56
1532.61900	Vías urbanas. Mantemento	20.889,19
1722.21300	Praias. Mantemento instalación	805,99
1722.22199	Praias. Outras subministracións	572,50
1729.22199	Medioambiente. Outras subministracións	813,12
1729.22706	Medioambiente. Estudos técnicos	2.053,00
2310.22749	Servicios sociais. SAF	40.000,00
2310.22799	Servizos sociais. Outros traballos	4.431,73
2310.48001	Servicios sociais. Emerxencia social	20.000,00
3230.62300	Educación. Investimento en maquinaria	2.831,40
3230.63200	Educación. Reformas edificios	10.000,00
3340.22609	Cultura. Actividades	20.243,00
Total		280.807,07

Estado de ingresos:

Subconcepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais.	280.807,07
Total		280.807,07

2.- Dispor, en aplicación dos artigos 177 e 169 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, a exposición ao público durante 15 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen pertinentes. Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentasen reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.-

3.- Publicar, en cumprimento do artigo 169.4 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o resumo por capítulos do expediente definitivamente aprobado no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor.-

3º.- Aprobación da modificación do prego de prescricións técnicas para a adquisición dun camión de saneamento, incluído no POS+2017.-

O sr. Fariña Andrade comeza sinalando que dentro das melloras que se veñen facendo nos últimos anos na rede de sumidoiros e o traballo que desenvolve a brigada de servizos é preciso contar cun camión novo, dado que



o actual é un vehículo antigo, que non terá moitos quilómetros, pero si moitas horas de traballo, e que está chegando ao fin da súa vida útil, de ahí a necesidade de contratar un novo camiión, e recorda que nos pregos existían unhas deficiencias técnicas que cómpre corrixir, e recollen unha serie de melloras que veñen incorporadas aos camiións actuais, motivo polo que se incrementa o prezo, sendo unha necesidade máis que evidente.-

A sra. Pardo Fafián comeza indicando que están totalmente de acordo coa exposición que fixo o sr. Fariña Andrade sobre a necesidade de cambio do vehículo, e lembra que na Comisión Informativa Xeral se abstuvo, por un erro informático sufrido polo grupo socialista, o sr. Alcalde explicou que se traía a Pleno ese prego por deficiencias técnicas, como lembra o concelleiro, pero indica que, tal e como sinala o informe da Deputación Provincial, hai que redactar pregos de acordo coa legalidade, non se poden redactar pregos nomeando marcas comerciais, porque iso limita a libre concorrència.-

A sra. García Freire comenta que o Goberno Municipal leva dende febreiro de 2017 intentando comprar un camiión para o saneamento por necesidade do estado do que se está usando, sendo preciso inclusive chamar a unha empresa co gasto engadido correspondente. Continúa indicando que non lles estraña como está o saneamento en Sada, que levan tres pregos, dous anulados por erros, pregunta se é a primeira vez que fan un prego destas características, se coñecen as normas a seguir, porque xa tiveron que corrixir valores numéricos, non poñer as marcas, e ademais están aprobando pregos sen informes xurídicos, aprobando pregos ilegais, coas conseguíntes demoras. Lémbrale ao sr. Alcalde que fai pouco pediu a dimisión do seu portavoz, sr. Anido Varela, por un prego que foi declarado legal pola xustiza, e que neste Goberno constantemente están vendo pregos rexeitados: o do camiión, o do arranxo de xardíns, o da limpeza viaria, etc. Conclúe que se fala dun camiión diesel, e na sesión plenaria última falouse de medio ambiente, e descoñece se o camiión vai ser novo ou usado e sorpréndese da pouca garantía, sendo os motivos polos que se van abster.-

Debatido o asunto, adóptase por 12 votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV), ningún voto en contra, e 5 abstencións (5 PP) o seguinte acordo:

1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para a adquisición dun camiión de saneamento, incluído no POS+2017, que corrixen as deficiencias detectadas, cun orzamento total de 127.225,45 €, redactado polo enxeñeiro técnico municipal D. Valentín Medina Prieto.-

2.- Darlle traslado á Excm. Deputación provincial.

Control de Órganos de Goberno:

4º.- Informes e comunicacións.-

O sr. Alcalde dá conta ao Pleno da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia no período comprendido entre o 26-08-2019 e o 20-09-2019, ambos incluídos, que por problemas informáticos lles foron remitidos nunha relación, e, a maiores, tamén recibiron dous arquivos individuais.-

A continuación, o sr. Alcalde lembra que na Comisión Informativa Xeral acordouse o cambio da data da sesión plenaria ordinaria do vindeiro mes de outubro, que tería que ter lugar o xoves 31 de outubro, e anuncia que terá lugar o xoves 7 de novembro, polo Samaín e polo inicio da campaña electoral.-

5º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

5.1º.- Moción do PP para reclamar o estudo e execución da rede de saneamento separativa no Polígono de Bergondo.-

Antes de xustificar a propia urxencia, a sra. Salorio Porral comenta que haberá que ser prudentes todos e todas, porque a celebración do vindeiro Pleno será en plena campaña electoral.-

A continuación, a sra. Salorio Porral defende a urxencia da moción presentada o 25 de setembro de 2019 (rexistro de entrada núm. 6730/2019).-

A continuación, procédese a votar a urxencia da moción sendo aprobada por unanimidade de toda a Corporación Municipal (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).-

Deseguido, a sra. Salorio Porral dá lectura a moción.-

O sr. Montouto Pérez sinala que o Goberno Municipal concorda co espírito da moción presentada polo PP, ven a preocupación da EDAR do polígono de Bergondo, e polos verquidos ao río Maior, pero tamén están preocupados polo Plan especial de infraestruturas e dotacións, e pola senda fluvial, e di que o Concello de Sada presentou alegacións a ese plan especial, e están preocupados porque afecta ao ecosistema das Brañas e a desembocadura do río Maior, plan que non analiza o plan de riscos de inundacións de Galicia, que está en avaliación previa, existindo riscos de verquidos. Estando de acordo coa moción do PP, anuncia que a van enmendar, pero resúltalle curioso que se fale de colaboracións económicas entre administracións, para que se faga, como se debe facer, cando eles sempre negaron que en Sada sexa Augas de Galicia quen teña que realizar obras de acometida, dando lectura á enmenda proposta.-



O sr. Alcalde descúlpase do grupo municipal do PSOE, dado que alterou a orde de intervención.-

A sra. Bolaño Fariñas salienta que están a favor da enmenda e que se trata de facer un esforzo entre todas as administracións para eliminar as augas contaminantes, e que é fundamental que exista un diálogo entre as Administracións para sacar as cousas adiante e suliña que é deficitaria a implicación de Augas de Galicia, porque tanto Augas de Galicia, como a Xunta de Galicia teñen un papel fundamental pola importancia supramunicipal.-

A sra. Salorio Porral agradece a postura do resto de grupos municipais, e considera que a enmenda di o mesmo que eles propoñen, polo que non existe inconveniente en aceptala; respecto ao tema de implicar aos empresarios do polígono de Bergondo, por suposto que teñen que estar todas as partes implicadas, e considera que as alegacións presentadas polo Concello de Sada ao río de Lubre non ten que ver moito co que eles están propoñendo, e lembra que cada parte terá que facerse cargo das súas competencias, e que o mantemento das depuradoras é competencia municipal,

Debatido o asunto, sométese a enmenda a votación, sendo aprobada por unanimidade de votos a favor (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV) o seguinte acordo:

Único.- Solicitar do Concello de Bergondo e de Augas de Galicia a que, coa participación da comunidade de propietarios do polígono de Bergondo, elaboren un estudo técnico que teña como obxectivo ordenar o ciclo integral da auga e establecer as bases para unha xestión eficiente dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración no ámbito do polígono industrial, con especial referencia á supresión de verquidos e a afectación dos mesmos ao río Maior e ao sistema fluvial.-

O sr. Alcalde lembra que a moción presentada é unha repetición dunha enmenda do Goberno Municipal a outra moción presentada polo grupo municipal do PP na última sesión plenaria do ano 2016.-

A sra. Salorio Porral engade que lles conta que fai tempo xa se tivera instado este asunto e que en conversas co voceiro do seu partido no Concello de Bergondo decidiron volver a presentala.-

5.2.- Moción do PP para reclamar ao Goberno de España a aprobación do “Plan Integral de Alzheimer 2019-2022”.-

A continuación, a sra. Pose Varela defende a urxencia da moción presentada o 25 de setembro de 2019 (rexistro de entrada núm. 6731/2019).-

A continuación, procédese a votar a urxencia da moción sendo aprobada por unanimidade de toda a Corporación Municipal (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).-

Deseguido, a sra. Pose Varela dá lectura a moción.-

A sra. Reimúndez Suárez procede a formular unha enmenda. Sinala que se pretende instar algo a un Goberno en funcións, e que é preciso reflexionar para que as forzas políticas con representación no Estado que tomen exemplo desta Corporación en saber ceder, saber negociar, porque instar a un goberno en funcións xa se sabe que transcendencia pode ter, sendo normal que o PP sempre que governe o PSOE lle inste este tipo de cousas, non lle parece moi coherente que o PP veña reclamando ao Estado un plan cando a Xunta de Galicia ten competencias na materia e dá lectura ao Preámbulo á Exposición de Motivos da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e conclúe indicando que a este Pleno veu unha modificación orzamentaria para dotar de máis horas na atención ao servizo de atención á dependencia; e o PP da Xunta podería poñer en marcha un Plan do Alzheimer, como o de cancro de mama, e non se pode traer a Pleno catorce medidas, senón que é preciso facer un estudo pormenorizado, cunha planificación da súa execución, unha coordinación entre as Administracións, pero, sobre todo, para executar un plan ten que haber unha dotación orzamentaria e actualmente os orzamentos do Estado son os orzamentos prorrogados do sr. Montoro, co cal anuncia o texto da súa enmenda.-

A sra. Nogareda Marzoa sinala que concorda co xa dito, que lles afecta directa ou indirectamente, que se convirta nunha epidemia, quere transmitir que as medidas deben ir cara adiante e se todos os grupos están de acordo, deberán presionar na medida do posible ao resto das institucións a nivel autonómico, como a nivel do Estado, para que se poida establecer este plan que se está promovendo.-

A sra. Bolaño Fariñas anuncia que votarán a favor da enmenda, e recorda que cando a sra. Salorio Porral dixo anteriormente que se tivera en conta que se traía a un Pleno, para non facer campaña electoral, puidendo semellar que esta moción sí o é, porque por todo o mundo é coñecido que o goberno do Estado está en funcións, por todo o mundo é coñecido que temos por diante unhas eleccións, e por todo o mundo é coñecido que ten que haber un Goberno para pór en marcha ese plan integral, e lembra que neste punto a Xunta de Galicia ten competencias claras, sendo claro que a Xunta de Galicia non está tendo en conta que a xente afectada por Alzheimer é tamén afectada pola lei de dependencia, e que co goberno socialista a xente afectada tiña unhas condicións e viu o goberno do PP e eliminou ese salario para a xente coidadora das persoas dependentes, moitas delas mulleres, polo que a día de hoxe os coidadores dos dependentes están menos protexidos que fai catro anos, pero se a Xunta de Galicia cree que isto afecta a moitas persoas, pode desenvolver un plan integral, pero pregúntase por qué con respecto ao Alzheimer e non con outro tipo de afeccións que tamén teñen que ver coa dependencia, deixando



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

desfalecer a lei de dependencia, que se aprobou cun goberno socialista, pero cuxa normativa é competencia autonómica, o que hai que facer é orzamentar, porque os concellos non dan paliado o que a Xunta de Galicia non inviste, porque as necesidades son múltiples e básicas, debendo as administracións locais centrarse nas casuísticas especiais de cada caso, pero o xenérico depende da Comunidade Autónoma, e o Estado ten que estar detrás como muro de contención, sendo exemplo de facer unha oposición responsable, pero, a diferenza das Cortes Xerais, onde os orzamentos foron rexeitados, lembra que a este Pleno nunca se trouxeron os orzamentos municipais para a súa aprobación.-

A sra. Pose Varela respóndelle á sra. Reimúndez Suárez sobre que a Xunta de Galicia non fixo absolutamente nada polo tema social en Sada, e dille que os datos do 2018 do investimento en política social da Xunta de Galicia directamente en Sada 1.150.316,40.- euros, e anuncia que non votarán a favor da enmenda, porque aínda que o Goberno estea en funcións todos eses puntos son importantes e se lle deben trasladar igual, en conxunto, e aprobar un orzamento logo das eleccións e da formación do goberno. Diríxese á sra. Bolaño Fariñas indicándolle que, se considera que a Xunta non o está a facer ben, traía a Pleno unha moción sobre a dependencia e falarán dese tema.-

O sr. Alcalde está de acordo coa sra. Bolaño Fariñas, no sentido de que ás veces os concellos están para paliar os déficits da Xunta nos servizos sociais, e a sra. Pose Varela acaba de darlles a razón cando acaba de dicir a contía que se inviste nesa competencia da Xunta de Galicia, en Sada é menor que o investimento do Concello de Sada que non ten competencias en materia de servizos sociais, vendendo como un gran logro cando agora están facendo unha modificación orzamentaria por importe de 40.000.- euros en dependencia, chegando a 510.000.- euros este ano, cando a Xunta vai achegar 360.000.- euros, sendo unha competencia autonómica, e o Concello de Sada vaise facer cargo de 150.000.- euros, pero é que en libre concorrência o Concello de Sada tamén atende á xente que eles tardan en valorar, cun investimento de 118.000.- euros, e non se pode presumir de axilidade, como fai o sr. Feijóo, cando eles tamén tardan nas transferencias orzamentarias, e o Concello de Sada está dende o ano 2015 cumprindo coas transferencias tanto do Centro de Día, como da escola infantil, que o goberno anterior nunca transfería e eles chegaron a un acordo coa Consellería para cambiar as contías da achega municipal, porque se trataba dunhas contías desorbitadas; 1.500,0.- euros por alumno nas escolas infantís e rebaixa a 2.700,00.- euros por usuario de Sada para o centro de día, conclúe insistindo que para paliar ese déficit trouxeron a Pleno ese modificativo de crédito, do que mínimo 35.000.- euros lles van facer falla para rematar o ano.-

O sr. Secretario Accidental dá lectura ao texto da enmenda antes de proceder á votación.-

Debatido o asunto, sométese a enmenda a votación, sendo aprobada doce votos a favor (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV) e cinco en contra (5 PP) o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno do Estado para que introduza nos Orzamentos Xerais do ano 2020, as partidas necesarias para poñer en marcha o I Plan Nacional contra o Alzheimer, anunciado no pasado mes de abril, consensuando a súa implementación coas Comunidades Autónomas e Concellos, a través dos Organismos de representación.-

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Presidencia e Vicepresidencia do Goberno, á Ministra de Sanidade, Consumo e Benestar Social en funcións e aos voceiros dos grupos parlamentarios.-

7º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Alcalde comeza este punto dicindo que existe un rogo que foi presentado polo Rexistro Xeral.-

1º) A continuación, a sra. García Freire dá lectura ao rogo presentado o 23 de setembro de 2019 (rexistro de entrada núm. 6656/2019), relativo ao estado defectuoso da “Obra de conservación e mantemento da Capela de San Roque”, incluída no POS+2017, formulando as cinco preguntas que figuran no propio rogo, sendo respostadas directamente polo sr. Alcalde que: existe comunicación da empresa contratista, que non informou ningún técnico municipal (o técnico é externo), que existe garantía do contratista, que non haberá custe adicional para os veciños e que pode consultar o expediente de contratación.-

A sra. Bolaño Fariñas sinala que, segundo o ROM, o rogo presentado por escrito pode ser debatido e contestado.-

1ª) A continuación, a sra. Bolaño Fariñas lembra que na última sesión plenaria tivera preguntado pola situación en que se atopaba a prestación do servizo de comedor no CEIP Sada y Contornos, e que logo desa sesión plenaria houbo unha reunión coas familias, sendo importante que as familias coñeceran de primeira man cal era a situación, díxose que o comedor comezaría a principios de outubro, pero onte chegou unha comunicación sobre a documentación a presentar, tendo de prazo ata o 4 de outubro, isto é, 7 días hábiles, ata o 4 de outubro, cando existe un retraso considerable por parte da Administración, e tendo que ser remitido polo Rexistro Xeral, que só funciona pola mañá, e engade que o prezo é de 3,5.- euros por alumno e día, e non pode aceptar que nunha Administración Pública paguen o mesmo uns que outros, cando na documentación non se pide o nivel de renda, polo que pregunta



cal é o prezo, se é igual para todos e se está fixado xa e se calquera falta vai ser computada como ausencia (exemplo vacacións en outubro) para a retirada do servizo.-

2ª) Pregúntalle á sra. Taibo Fernández se está iniciado un proxecto de orzamento para o ano 2020 e en qué punto se atopa ese proxecto de orzamento.-

1º) Roga que, en relación coa base orzamentaria que esixe que para un gasto superior aos 2.000 euros haxa tres orzamentos, se non se vai cumprir, que sexa aumentado a un importe superior.-

3ª) A sra. Pardo Fafián pregunta se lle van a responder as preguntas formuladas na sesión plenaria do 13 de agosto, como establece o ROM, ou se van seguir sendo opacos, polo que o 29 de agosto se lle respostou que as tiñas no buzón do PSOE. Sinala que había dous sobres, pero que non se respostou: se a sra. Mondaca González coñecía os informes do Servizo de Prevención das festas de San Roque dos anos 2016, 2017 e 2018; se o sr. Montouto Pérez tiña coñecemento dun depósito de entullo de obra na Prolongación da Avenida de Posse e, se é así, por qué non lle mandou un requirimento para a súa retirada e limpeza; e o sr. Alcalde tampouco respostou se manterá o servizo ou queda nocturna no Corpo da Policía Local de Sada.-

4ª) A sra. Pardo Fafián pregúntalle ao sr. Fariña Andrade, en relación coa resposta por escrito á pregunta formulada na sesión plenaria do 29 de agosto, relativa ao mantemento da rúa da Praia, que se di que se encargará un proxecto para a reforma integral da rúa da Praia, cando se debe referir a que xa existe un proxecto encargado por un compañeiro do seu grupo no anterior mandato e se non se estará a referir a licitar ese proxecto dado que xa está redactado.-

5ª) Pregunta qué ocorre coas obras estrela iniciadas dous meses antes das eleccións: a rúa Sadadarea; as rúas Abegondo, Culleredo e Cambre (aínda sen entregar); o CFO de Osedo que é o que está peor neste momento, agora que comeza a temporada de chuvias; por qué non se rematan esas obras, cal é o problema.-

2º) Roga que se lles facilite o acceso ao local habilitado para o seu grupo municipal, fóra do horario laboral, porque de oito a tres están traballando, sendo preciso, para facilitar o labor, pedindo un ordenador, unha impresora e unha liña de comunicación de datos co Concello, tal e como indican as Leis 39 e 40/2015.-

A sra. Nogueira Marzoa resposta que o prazo de presentación das solicitudes veu determinado polo Consello Escolar do propio centro, dada a urxencia, as familias dixeran que consideraron que o día 4 de outubro era suficiente, podendo recollelas un compañeiro dela ou ela mesma, entregándolle a folla de inscrición para a comprobar que están todos os datos, e se falta algunha documentación advírtenlle para que a traian o máis axiña posible, e se houbera algún impedimento, ela non ten ningún problema en recoller a documentación pola tarde, e díxollo ao sr. Director, para que avisase ás familias; por outra banda, o prezo foi unha idea que deron as familias, porque consideraron que era bo que ese servizo fose a un prezo máximo de 3,5.- euros, existindo bonificacións, e deberá ser o máis equitativa posible, tema que está a tratar con Intervención. Continúa dicindo que, dentro da documentación que hai que achegar, si se solicita a última declaración do IRPF, porque nas bases un dos criterios de desempate é o nivel de renda, primando as rendas máis baixas sobre as máis altas, existindo 73-75 solicitudes de preinscrición, existindo 50 prazas como máximo, motivo polo cal, algúns van quedar fóra, e habendo usuarios que non facían uso durante dous meses deste servizo, entendéndose que non calquera falta vai ser computada como ausencia (exemplo vacacións en outubro) para a retirada do servizo.-

O sr. Alcalde quere aclarar que se trata doutro exemplo de servizo que non tería que paliar o Concello de Sada.-

Deseguido, a sra. Bolaño Fariñas presenta os rogos seguintes:

3º) Roga que, en relación ao servizo de comedor escolar, cando a Xunta de Galicia, como Administración competente na prestación dese servizo, queira deixar de prestar ese servizo, que fagan máis forza.-

4º) Roga á sra. Nogueira Marzoa que, se non ten referenzas sobre o tema da equidade das tarifas en relación cos niveis de renda, que pida no concello as bases das axudas para material escolar e para libros de texto.-

5º) Roga que se teña en conta que as vacacións das familias non deben computar como faltas xustificadas.-

6º) Roga que a postura da Administración Pública non pode ser a de entregar os papeis á Concelleira, porque iso non debe ser así, debe haber un Rexistro que sexa unha garantía para os cidadáns de que se presentan uns documentos, lembrando etapas máis escuras deste concello, na que os veciños lle presentan a documentación directamente aos concelleiros.-

A sra. Nogueira Marzoa respóstalle que, cando recollen a documentación, as familias levan un recibín do que están achegando, co selo do concello, que se fai así por operatividade, e engade que dentro da comisión non só están representantes do concello, senón tamén representantes dos pais e das nais.-

A sra. Taibo Fernández respóstalle que, en relación ao proxecto de orzamento para o ano 2020, xa están traballando no borrador dos mesmos, e que o Goberno Municipal ten a intención de poñelos a disposición e debatilos cos grupos da oposición no mes de outubro.-

A sra. Mondaca González resposta que, como xa indicou na sesión plenaria anterior, a resposta ía ir por escrito, pero o período de vacacións dos empregados e dos medios externos, en especial a empresa de prevención Previnet,



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

ralentizou a recepción dos informes solicitados para poder respostar axeitadamente ás preguntas formuladas, e recórdalle que ten acceso aos expedientes tanto na OMIX, como en Urbanismo e en Promoción Económica.-

A sra. Pardo Fafián acláralle que existe un erro, porque ela non se refire á solicitude presentada o 20 de agosto por Rexistro de acceso aos diferentes expedientes das festas, senón á pregunta relativa a se a sra. Mondaca González era coñecedora dos informes en materia de prevención de riscos laborais dos anos 2016, 2017 e 2018 sobre as eivas para a instalación das barracas nas festas patronais na Praza Irmáns Suárez Picallo.-

7º) Roga que, en relación coa advertencia do sr. secretario accidental, feita na sesión plenaria do 13 de agosto, as/os concelleiras/os teñen en conta a obriga de solicitar a compatibilidade dos seus traballos particulares coa función pública do cargo de concelleira/o, e considera que, a día de hoxe, non foi solicitada a dita compatibilidade, ou ao mellor non é precisa; se alguén está traballando na súa actividade privada, faga a solicitude de compatibilidade correspondente.-

O sr. Tellado Villares formula as preguntas seguintes:

1ª) Pregunta, en relación coa Asociación Os Patexeiros, que terán que abandonar Sada por carecer de acceso ao mar, se fixo algo o Concello de Sada para que a devandita asociación non se tivera que ir a Lorbé.-

2ª) Pregunta se intentou chegar a un acordo o Concello de Sada con Portos de Galicia para que non se foran.-

3ª) Pregunta qué opcións lle ofreceu o sr. Alcalde para continuar no Concello de Sada.-

O sr. Alcalde respóstalle que tiveron conversas con Portos de Galicia, coa concesionaria do Porto de Sada, e que mañá, ás dez e media da mañá, teñen unha reunión coa Asociación Os Patexeiros.-

1º) Roga que se dea trámite á solicitude do pasado 14 de setembro de darlle copia de sete facturas da empresa Monicreque, S.L., da que é socio un concelleiro do seu goberno no anterior mandato; polo que se lle dea copia das devanditas facturas.-

4ª) Pregunta se se adoptou algún tipo de medida ao respecto do local *A Marola*, do que pediu acceso ao expediente o pasado 19 de agosto sobre o inicio de actividade, que se atopaba incompleto, volvendo a solicitar acceso o 19 de setembro, e volveu a pedilo hoxe pola mañá, que igualmente estaba incompleto, aínda que segue exercendo a actividade o devandito local, sendo dese mesmo concelleiro do seu goberno no anterior mandato.-

O sr. Alcalde respóstalle que ten a súa disposición ás propostas de gastos, así como os expedientes de contratación, que son do ano 2014 ao ano 2019.-

O sr. Tellado Villares dille que xa llo dixo máis veces, que llo dea.-

A sra. Pose Varela formula unha pregunta e presenta dous rogos:

1ª) Pregunta se coñecen o erro no anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 4 de setembro, no que figura o anuncio de exposición pública da aprobación inicial da modificación de créditos número 26/2019, no que se sinala que o Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 30 de agosto de 2019, cando a sesión plenaria se celebrou o día 29 de agosto.-

1º) Roga que estean máis atentos a estes asuntos.-

2º) Roga que se corrixa o devandito erro.-

A sra. Salorio Porral presenta un rogo:

1º) Roga que, en relación co escrito presentado o 5 de decembro de 2018 (número de rexistro 9593/2018), presentado polo grupo municipal do PP, acerca das comportas existentes na rede de saneamento do Concello de Sada, na que se solicitara a emisión de cantos informes técnicos e xurídicos para esclarecer a súa existencia, os antecedentes, a súa ubicación, o seu réxime de utilización, cando e quen é o responsable da súa apertura e peche, e quen é o responsable do seu manexo manual, non sendo facilitada a dita información polo sr. Alcalde; na edición de *La Opinión A Coruña* do 29 de febreiro de 2008 recóllese que o (entón) Concelleiro de Medio Ambiente dicía que o Goberno bipartito elaborou un informe para Augas de Galicia, e que nese escrito se explicaban as circunstancias especiais de Sada e que os devanditos verquidos de fecais só se producían en casos de forza maior, cando coincidían as avenidas dos ríos, as mareas e as chuvias naquel momento o sr. Portela Fernández era secretario particular do Alcalde.-

O sr. Alcalde respóstalle que el tomou posesión como secretario particular do (entón) Alcalde o 1 de outubro de 2008.-

A sra. Salorio Porral continúa dicindo que ese informe foi citado polo goberno bipartito, polo que solicitan que lles faga chegar unha copia dese informe ao que se refiría o (entón) Concelleiro de Medio Ambiente na edición de *La Opinión A Coruña* do 29 de febreiro de 2008, así como a copia de cantos escritos e informes existan redactados sobre as devanditas comportas: antecedentes, ubicación, réxime de utilización, quen é o encargado da súa apertura e peche, e quen é o responsable do seu manexo manual, rogo que será presentado mañá mesmo no Rexistro Xeral do concello.-

Non habendo outros asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario Accidental, dou fe.-



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario Accidental que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-
Url: https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html